

# NATACIÓN

A partir do próximo 1 de outubro iniciaranse os cursiños de natación dun só día á semana na **PISCINA MUNICIPAL DAS TRAVESAS**. Cada **alumn@ só pode estar inscrito nun cursiño**.

Esta actividade é cuadrimestral e, ten un custo de **31€**/cuadrimestre. Para a inscrición na mesma, podedes consultar a información e descargar os formularios na nosa web [www.anpavilalaura.org](http://www.anpavilalaura.org)

**RENOVACIÓNS para ALUMN@S CON PRAZA do ano pasado: do 13 ao 17 de setembro.**

- Facerse socio da A.N.P.A. e facer o pago correspondente da cota cuadrimestral da natación.
- Entregar o papel de alta de socio, a folla inscrición natación e a declaración responsable de autoevaluación covid-19 que tedes a continuación xunto cos xustificantes dos pagos até o día 17 de setembro (inclusive).
- A renovación implica a reanudación da actividade no mesmo día e hora que no curso anterior.

**Non renovar nos prazos sinalados significa perder a praza, que se porá a disposición dos novos alumn@s.**

**NOVAS INSCRICIÓNS: do 20 ao 24 de setembro**, para nen@s que non estaban apuntados previamente e para os que tiñan praza pero dexeran cambiar de horario.

A inscrición será por estricta orde de chegada (cada día atenderemos as chamadas en horario de 10 a 12 e o mail cando poidamos ao longo do día). Farase da seguinte maneira:

1. Para saber se quedan prazas no horario que queredes, antes de realizar o pago debes chamar por teléfono ao **616 008 784** (de 10 a 12 da mañá) ou enviar un mail a **[anpamagnoliavilalaura@gmail.com](mailto:anpamagnoliavilalaura@gmail.com)**.
2. Facerse socio da A.N.P.A. e facer o pago correspondente da cota cuadrimestral da natación.
3. Entregar o papel de alta de socio, a folla inscrición ANPA natación, a folla de inscrición IMD e a declaración responsable de autoevaluación covid-19 que tedes a continuación xunto cos xustificantes dos pagos até o día 24 de setembro (inclusive).

**Nota importante: non se reservarán horarios nin se manterán as prazas se non se cumprimenta a documentación tal e como se explica máis arriba.**

**Coma estas prazas son moi limitadas, a A.N.P.A. ten un acordo co XIMNAXIO TRABAZOS (Rúa Romil, nº79, detrás do Fleming), polo que os socios da A.N.P.A. obterán un desconto familiar (solicitar Certificado de ser socio da ANPA).**